

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DO 16 DE ABRIL DE 2021

Reunida a Comisión Interuniversitaria do Máster en Xestión e Dirección Laboral o día dezaseis de abril de dous mil vinte e un, ás 12 horas e 12 minutos, mediante o equipo de Teams “Comisión Interuniversitaria”, e coa presenza dos profesores García Núñez, Moscoso Ruibal, e Ferreiro Regueiro, e da Xestora da Facultade de Relacións Laborais, Sra. Grela Piñeiro, ademais de eu mesmo, Prof. Pazos Pérez, como secretario accidental, abordou a Profa. Ferreiro, en cuanto coordinadora do título, a

ORDE DO DÍA:

- 1º) Aprobación de actas das reunións precedentes**
- 2º) Informes da coordinación do Máster**
- 3º) Aprobación, se procede, do modelo de enquisa para os alumnos sobre a defensa do TFM**
- 4º) Aprobación, se procede, do auto informe de seguimento do Máster**
- 5º) Rogos e preguntas**

Ante a ausencia ao inicio da presente reunión da Xestora da Facultade de Relacións Laborais, actuou como secretario accidental o Prof. Pazos Pérez da Universidade de Vigo.

As 12 horas e 36 minutos, incorporáronse a Profa. Moscoso Ruibal e a Xestora da facultade de Relacións Laborais, Sra. Grela Piñeiro.

1º) Aprobación de actas

Tratábase de dúas actas correspondentes as reunións do 14 xullo e do 9 de setembro de 2020, que foron aprobadas por asentimento dos presentes.

2º) Informes da coordinación do Máster

Comeza o Prof. García Núñez indicando que o Máster se está a desenvolver presencialmente, malia a situación excepcional derivada da pandemia do Covid19; engadiu que dos alumnos procedentes da Universidade de Santiago de Compostela y uno de la de Vigo optarán por facer a especialización da Universidade de A Coruña no segundo cuatrimestre do curso académico; e tamén que outros tres, dos cales dous con carácter previo cursaran o Máster en Prevención de Riscos con sede na Facultade de Ciencias do Traballo situada en Ferrol, mentres que un o fixera no Máster en Prevención de Riscos con sede na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo, solicitaran o recoñecemento de materias, habendo informado favorablemente a Comisión Académica do Máster en Xestión e Dirección Laboral propia da Universidade de A Coruña, polo que se atopan a espera do pronunciamento desta Comisión; e referiu a situación complexa provocada por unha profesora da citada Universidade que se negaba a empregar a máscara nas aulas por alegar que resultaba contraproducente, existindo malestar por parte dos alumnos. Subliñou, en fin e con relación a esta cuestión, que si a dita profesora non cesaba na súa posición, habería que adoptar medidas, como a apertura de expediente disciplinario.

O Prof. Pazos Pérez precisou que na Universidade de Vigo o Máster se desenvolvía tamén de xeito presencial, aínda que ante as dificultades de asistencia por sufrir unha corentena unha alumna orixinaria do Brasil recibira a docencia virtualmente; e que a Comisión Académica do Máster en Xestión e Dirección Laboral propia de dita Universidade informara favorablemente sobre o recoñecemento de materias de diversos alumnos, polo cal estaban pendentes da ratificación, si era o caso, desta Comisión.

A Profa. Ferreiro Regueiro, na mesma liña que nos informes precedentes, confirmou que o Máster se seguía de xeito presencial, sen maiores incidencias, agás unha estudante que pola corentena que fixera estivera unha quincena asistindo de forma telemática; e que había un recoñecemento de materias dun estudante que debería ser elevado a Comisión deste Máster.

3º) Aprobación, se procede, do modelo de enquisa para os alumnos sobre a defensa do TFM

Explicou o Prof. García Núñez que a porcentaxe de defensa de TFM era máis elevada en A Coruña que nas outras dúas Universidades e que, por esta razón, nos apreciaba existira as mesmas circunstancias que nelas.

O Prof. Pazos Pérez Vigo sinalou que, polo contrario, a defensa na Universidade de Vigo dos TFM era menor, por iso realizouse unha convocatoria extraordinaria de decembro (habilitada pola situación derivada da pandemia Covid19). Explicou que formularan unha acción de mellora consistente en facer un curso para a preparación dos estudantes cara a elaboración do TFM, pois constataba que bastantes deles, unha vez comezaban a traballar, deixánavo sen rematar.

A Profa. Ferreiro Regueiro precisou que un dos problemas que poderían xustificar a baixa defensa de TFM na Universidade de Santiago de Compostela era o diferente nivel e tipo de formación do alumnado matriculado e, por esa razón, consideraba importante pasar a enquisa, que fora elaborada polo Prof. Lado (área de Recursos Humanos), co fin de coñecer mellor as dificultades que eles atopan.

Por último, o Prof. García Núñez puntualizou que era mellor reempresar a expresión “presentación”, que figuraba na enquisa, pola de “defensa”.

Con estas consideracións, o modelo de enquisa foi aprobado por asentimento dos presentes e, así, para a ser unha acción de mellora do Máster.

4º) Aprobación, se procede, do auto informe de seguimento do Máster

Coñecido polos presentes o auto informe, xa que a súa elaboración fíxose de xeito conxunto por cada un dos membros desta Comisión pertencentes a súa vez cada unha das tres Universidades, comentouse o seguinte:

- O Prof. Pazos Pérez subliñou a dificultade de conseguir toda a recompilación de datos para poder elaborar o Informe de Seguimento

do Máster, o que puxera en coñecemento da vicerreitora de Calidade da súa Universidade.

- O Prof. García Núñez destacou que as evidencias E21 e E23 non figuraban no modelo de auto informe da Universidade de Santiago de Compostela, que é o que se emprega por ostentar a coordinación xeral do Máster, e que, como tiñan importancia para por de manifesto a xestión da Universidade de A Coruña, pedía foran igualmente incluídas, ao que se deu conformidade.
- A Profa. Ferreiro Regueiro indicou que desgraciadamente non se tiñan datos sobre o desenvolvemento da prácticas externas e o grao de satisfacción dos alumnos, profesores e persoal de administración e servizos, malia o esforzo e a dificultade con que se atopara a coordinación do Máster para asegurar a efectiva realización de ditas prácticas durante e despois do confinamento decretado polo estado de alarma de 14 de marzo de 2020. Tan foi así, que se ampliou o prazo con tal fin ata o 30 de setembro de dito ano e que, por resolución reitoral, se acordou entendelas superadas a aqueles alumnos que fixeran como mínimo un cincuenta por cento do total.
- O Prof. García Núñez dixo que, no que atinxía a Universidade de A Coruña, se actualizara o auto informe do ano anterior e destacou que tamén se ampliara o prazo de execución das prácticas ata o 30 de setembro de 2020; que se acordou entendelas superadas a aqueles alumnos que fixeran como mínimo un cincuenta por cento do total; e que incluso nalgún caso foron substituídas polo desenvolvemento dun traballo. Noutra orde de cousas, sinalou que, por resolución reitoral, as cualificacións das materias do segundo cuadrimestre, no caso de que o alumno obtivera unha nota inferior, consistiron na media do seu expediente académico.
- O Prof. Pazos Pérez dou conta da tardanza na recepción dos datos da Área de Calidade da Universidade de Vigo e da existencia de erros. Con relación ás prácticas externas, puxo de manifesto as dificultades atopadas para garantilas e que o resultado final fora excelente, cunha cualificación de 5 puntos. Ao tempo, explicou a apertura do prazo para

a súa realización, ata decembro de 2020, e que deran a alternativa de facelas de xeito telemático, mais so unha alumna se acollera a ela.

- O Prof. García Núñez, con referencia á acción de mellora de dotar de maior uniformidade e coherencia ás guías docentes, dixo que cabería traballar nas competencias específicas das materias e nos sistemas de avaliación, co obxecto de elaborar un modelo común ás tres Universidades segundo o contido da memoria do Título.
- No obstante, a Profa. Moscoso Ruibal expresou o seu desacordo no atinxente a introducir un sistema común de avaliación na medida en que cada profesos era libre de determinar cómo valorar o traballo e os coñecementos dos seus alumnos. E engadiu que no momento da derradeira verificación do Título, a Comisión externa dixera que se adiantara bastante neste eido, aínda que insistiran en continuar nesa liña.
- O Prof. Pazos Pérez sacou a cuestión da idoneidade dos convenios de colaboración entre as respectivas Universidades e as entidades nas que se realizaban as prácticas, e dixo que se fixera unha labor de cribado, isto é, de non ofertar prazas en certas delas onde non había un grao de satisfacción pola banda dos estudantes e pola dos profesores (o que tamén fixeran as Universidades de A Coruña e Santiago de Compostela), pero que, durante a cimeira da pandemia e para asegurar a oferta, tiveran que acudir a algunha daquelas entidades. Este problema foi compartido polas outras dúas Universidades, e se destacou que moitas empresas non aceptaran estudantes en prácticas a causa da situación vivida.
- A Profa. Ferreiro Regueiro indicou que acción de mellora relativa a dotar dunha maior uniformidade os criterios de avaliación da calidade non podería levarse a término por exceder das competencias que tiñan atribuídas as coordinacións internas do Máster nas respectivas Universidades, xa que correspondían ás Vicerreitorías.

Tras o debate recollido, someteuse a aprobación o auto informe que o foi por asentimento dos presentes.

5º) Rogos e preguntas

Solicitouse ao Prof. Pazos Pérez que remitirá o seu nomeamento como novo coordinador do Máster na Universidade de Vigo, en substitución da Profa. Martínez Yáñez, a quen se lle agradecía os servizos prestados pola súa dedicación, traballo e dispoñibilidade.

E, sen nada máis que engadir, levantouse a sesión as 13 horas e dez minutos, do que dou fe como secretario accidental.

Vº et pracet

Fdo./ O secretario

Fdo./ A coordinadora